

Lugo, 6 de setembro de 2023

Prezadas familias socias:

Queremos dar a benvida ás familias que se unen á nosa comunidade educativa por vez primeira, e achegar a todas as familias socias algunha información.

O día **8 de setembro** publicaranse na [páxina web do centro](#), o **reparto do alumnado por grupos**, e horarios de presentacións que serán entre o **luns 11 e martes 12**. Tamén podedes consultar ahí o [calendario escolar](#) e [a listaxe de libros](#) para este curso que é mellor confirmar co profesorado antes de mercar.

Como moitos xa sabedes, hai un grupo de WhatsApp no que as familias xa están a ofertar libros de segunda man (<https://chat.whatsapp.com/LxAMLmwVRNwHfAv8e6zMC9>), e tamén haberá unha **Feira de Libros o día 20 de setembro entre as 17:00 e 19:00 no IES**, exclusivamente dirixida a familias do centro para ofertar e mercar libros actualizados á última reforma educativa, isto é, de 1º e 3º de ESO, e de 1º de BACH (este ano toca actualizar os libros dos cursos pares). Antes desta data ampliaremos a información sobre a feira.

A información que consideremos de interese chegaravos por dous medios:

- O **endereço electrónico** da ANPA: [anpaiesollosgrandes@gmail.com](mailto:anpaiesollosgrandes@gmail.com). A este endereço tamén podes achegarnos ás túas dúbidas, consultas ou suxestións.
- Unha **listaxe de difusión de WhatsApp** desde o número **644.441869**. Para que recibades información por este medio **é imprescindible que agreguedes este número á axenda de contactos do voso teléfono móbil**.

No mes de novembro faremos unha asemblea xeral na que concretaremos actividades previstas para este ano; entre outras, seguir colaborando co IES na organización de excursións e actividades complementarias para os rapaces e rapazas, acto de gradación... e, dentro do Plan de Convivencia do Centro Educativo, prestaremos especial atención á organización de **obradoiros para familias nos que traballaremos temas relacionados coa adolescencia** que percibimos de enorme importancia na prevención de conflitos e para coidar a saúde física e mental da mocidade.

Para traballar con dinamismo nestes procesos, **precisamos da colaboración de todos**, polo que animamos a toda a comunidade educativa a participar, e aos que aínda non estean asociados a ANPA a facelo a través da [ficha](#) que está na páxina web do centro.

En nome da xunta directiva da asociación, deséxovos un bo comezo de curso. Recibide un afectuoso saúdo,

Montserrat Pita

**Presidenta ANPA IES Ollos Grandes**